

Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de A Coruña.
Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

Expediente: IN408A 2018/26
Denominación do proxecto: Parque eólico SOLPOR
Promotor: Green Capital Power, S.L
Asunto: Solicitud de informe técnico.

ANTECEDENTES

O 17.12.2021 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural desde o Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de A Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación un informe sobre o proxecto "PARQUE EÓLICO SOLPOR" situado nos concellos de Mesía e Ordes na provincia de A Coruña.

O 22.01.2022 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia ó Servizo de Prevención de Incendios Forestais de A Coruña un informe para poder dar contestación ao Servizo de Enerxía e Minas.

O 01.02.2022 recibíuse no o rexistro electrónico da Xunta de Galicia o informe remitido polo xefe do Servizo de Prevención de Incendios Forestais de A Coruña da Consellería do Medio Rural, no que se informa favorablemente sobre o proxecto "PE SOLPOR", condicionado ao cumprimento das prescricións do Estudo de Impacto Ambiental e ao mantemento do establecido para as redes primarias de faixas de xestión de biomasa na lexislación vixente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

No informe do xefe do Servizo de Prevención de Incendios Forestais de A Coruña expónse o seguinte:

DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. + 34 881 996 391
defensadomonte.mediorural@xunta.gal
mediorural.xunta.gal





"3. As infraestruturas proxectadas sitúanse lindando coas superficies afectadas polos incendios con número de parametrizado 2015150015, 2015150525 e 2011151066 (ver plano adxunto)."

A Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece no seu artigo 20 bis - Redes primarias de faixas de xestión de biomasa, apartado c), as seguintes obrigas de xestión de biomasa:

"c) Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica eólica deberá xestionarse a biomasa na superficie afectada de pleno dominio e voo, de acordo co establecido no Plan sectorial eólico de Galicia, ao redor de cada aerogenerador de produción de enerxía eléctrica eólica instalado.

Así mesmo, nos camiños interiores das ditas instalacións a xestión da biomasa vexetal, no estrato arbustivo e subarbustivo, farase nos 5 metros desde a aresta exterior do camiño. Neste último suposto, non se exixirá a retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

.....
Para todas as instalacións indicadas nesta letra, a xestión da biomasa incluírá a retirada desta por parte da persoa que resulte responsable consonte o artigo 21 ter. "

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia no seu artigo 59. Cambio de uso forestal establece que:

"1. O cambio de uso forestal dun monte, cando non viñese motivado por razóns de interese xeral, e sen prexuízo do disposto no artigo 28.2 da presente lei e da normativa ambiental aplicable, terá carácter excepcional, requirindo informe favorable do órgano forestal e, no seu caso, do titular do monte.

2. A Administración forestal competente poderá regular un procedemento máis simplificado para a autorización do cambio de uso naquelas plantacións forestais temporais para as cales se solicitase unha reversión a usos anteriores non forestais.

3. En terreos afectados por incendios forestais, non poderá producirse un cambio de uso en trinta anos. Con carácter singular, poderán acordarse excepcións sempre que, con anterioridade ao incendio forestal, o cambio de uso estivese contemplado:

a) Nun instrumento de plan previamente aprobado.

b) Nun instrumento de plan pendente de aprobación se xa foi obxecto de avaliación ambiental favorable ou, de non ser esta esixible, se xa foi sometido ao trámite de información pública

c) Nunha directriz de política agroforestal que contemple o uso de pastos ou agrícola extensivo en montes incultos ou en estado de abandono que non estivesen arborizados con especies autóctonas."





INFORME

En base ó anterior e tendo en conta os condicionantes recollidos nas consideracións legais e técnicas infórmase FAVORABLEMENTE a realización do proxecto PARQUE EÓLICO SOLPOR" situado nos concellos de Mesía e Ordes na provincia de A Coruña.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director xeral de Defensa do Monte
Manuel Rodríguez Vázquez





Incendios na área de afección do parque eólico
Solpor, nos concellos de Mesía e Ordes.
2010-2021, provincia de A Coruña
ESCALA 1:25.000

